



Asociación Cultural TANXEDOIRA

tel.: 981 139 160 · e-mail: actanxedoira@gmail.com · blog: <http://tanxedoira.blogspot.com.es> · web: www.tanxedoira.org Maio 2016

/ O que fixemos... /

Un día do amor moi especial.

Aos seres humanos gústanos vivir o AMOR, gústanos celebrar o AMOR, e por ese motivo temos un día específico para celebrar o AMOR, o 14 de febreiro.

Os Tanxedoir@s considerámonos unha familia na que non pode faltar o AMOR. Por ese motivo, esa data en concreto, este ano foi máis especial se cabe, xa que a conxugamos cun evento moi especial: A nosa anual Laconada de Entroido!!!




Alguns dos disfraces que alegraron a velada.

Foi unha celebración especialmente divertida á que estabamos convidados toda a familia Tanxedoira, e para a que non dubidamos en sacar as nosas mellores galas, animándonos algúns mesmo a disfrazarnos e poñer así o noso toque de humor.

Como non podía ser doutro xeito, cada vez que nos xuntamos non faltan as risas, a música e as

cancións acompañados dunha gran parte do noso Coro e a Rondalla.

Mesmo celebramos un sorteo especial dunha enorme cantidade de obsequios! Parecían non acabarse nunca! Hehehe.

Pero o que desde logo destacaría eu dese día foi o AMOR que se respiraba con tod@s os Tanxedoir@s.... VÉMONOS O ANO QUE VÉN!!!! 

María Pilar Fernández.

Formación musical.

Coa finalidade de profundar na formación musical que se ven impartindo aos compoñentes do coro e da rondalla, así como ao alumnado dos diferentes instrumentos que teñen as súas clases en Tanxedoira, facilitóuselles a posibilidade de participar nunha acción formativa adicada ao manexo de "Programas de edición musical", e que foi levada a cabo nas instalacións da Asociación o día 9 de Abril, tendo unha duración de catro horas.



Os alumnos atentos ás explicacións.

A xornada tivo unha gran resposta por parte dos socios, malia desenvolverse un sábado en horario de tarde, éxito que poderá animar a repetir a experiencia con novos compoñentes dos citados colectivos👉

A. C. Tanxedoira

Singular ensaio do coro.

Neste país o sábado está para gozar e é algo que aos Tanxedoír@s nos gusta facer, así que non o dubidamos un momento e decidimos xuntarnos para cantar. Un ensaio diferente, un lugar distinto, a mellor compañía e, por suposto, un sábado. O sábado 16 de abril de 2016, o sábado en que o Coro de Tanxedoira deixou a un lado o típico ensaio no local social e soltaron as súas voces na igrexa do Mosteiro de Bergondo. Souberon a pouco as pezas que se ensaiaron de face ao festival do seu XXXVIII Aniversario (*O concerto, O Quam Amabilis, Os Cregos i os Taberneiros e, por suposto, Cumpleaños Feliz*). Cada vez máis se pode ver esa unión entre os coralistas, que ao final reflicte na calidade das interpretacións, ata nun marco tan serio é posible pasalo ben, así foi como se sentiron a maioría dos meus compañeiros.



Un ensaio a proba de frío.

Segundo un estudo levado a cabo pola Universidade de Gotemburgo, “o corazón das persoas que cantan nun coro latexa ao unísono e as súas emocións se sintonizan”, eu creo que iso é exactamente o que está a ocorrer no Coro, os seus compoñentes gozan co que están facendo, sen cobrar nada a cambio, sen pagar nada por iso, o

goce polo goce, con humildade e profesionalidade, con ganas e paixón.

Desde a miña perspectiva GRAZAS, grazas aos meus compañeiros, porque sen eles sería cantar de solista e xa non sería igual; grazas ao noso director David Loureiro pola paciencia que ten que ter connosco e por regalar os seus coñecementos, grazas ao público que nos acompañou e acompaña nestes momentos; e, por suposto ao párroco Rubén Aramburu, por cedernos a igrexa do Mosteiro de Bergondo para preparar este ensaio, distinto e especial👉

Cristino Conde.

XXXVIII Aniversario.

Ola amigos de Tanxedoira, somos Jorge e Sylvia, recién chegados a esta asociación. Queremos aproveitar esta ocasión que nos brindan para transmitirvos a todos o a gusto que nos sentimos. Desde que o ano pasado a nosa filla Carlota, de unha forma casual, comezou en rondalla, a verdade é que nos acollestes cos brazos abertos. Destacaríamos as actividades e o bo talante que se respira na asociación. Por falta de tempo non podemos participar en todas as actividades que nos gustaría, mais ás que fomos quedounos moi bo sabor de boca, con ganas de repetir en canto teñamos ocasión. Queremos destacar o altruismo da nosa asociación, porque non hai acto máis xeneroso que entregar o teu tempo libre aos demais, aquí hai moitos exemplos que poderíamos citar, pero para non deixar a ninguén no tintero non imos personalizar.

Falando de actividades, queremos facer mención ao Festival que se celebrou o día 23 de abril con motivo do XXXVIII Aniversario de Tanxedoira, que se celebrou no Centro Cívico dos Mallos. A asistencia de público foi extraordinaria, o que sempre é de agradecer por parte de aqueles que, dun ou outro xeito asumen as responsabilidades de representación. Ademais do coro e a rondalla de Tanxedoira, que ofreceron gran diversidade de cancións, tamén tiveron o seu momento de gloria os compoñentes de Teatro da asociación, que representaron unha pincelada da obra “¡Y quién nos

manda hacer teatro!". Destacaríamos tamén a participación dos grupos invitados, que este ano foron a Coral Polifónica Santo Ángel e o Coro Adayeus, os cales tamén recibiron o caluroso aplauso do público asistente.

Ao rematar o Festival, todos os grupos dirixíronse ao local social de Tanxedoira co fin de compartir un agradable momento de confraternidade, degustando as deliciosas viandas que se ofreceron e, por suposto, non podía faltar o momento de música e cantares que puxeron punto final ao evento.



Algúns dos asistentes na festa Tanxedoira.

Queridos amigos, grazas a todos por formar esta gran familia, que desexamos siga crescendo. Saúdos 📺

Jorge Blanco e Sylvia López.

Obradoiro de ritmos.

Coa chegada da primavera, semella que a vida convida a gozar máis do aire libre e das festas. E que mellores festas que aquelas que veñen acompañadas de guitarras con ritmos alegres! Pois ben, para dar resposta ás exixencias sociais, á vez que para seguir enriquecendo os coñecementos dos guitarristas, Tanxedoira puxo en marcha un obradoiro de ritmos, no cal se deron a coñecer outros movementos que permiten interpretar outra música que ata agora non estaba tan extendida na Asociación, como é o caso da zamba, a rumba ou a

cueca, entre outros. Agora, aos asistentes, quédalles pendente dominar eses ritmos, e para iso haberá de adicarlle o tempo necesario de práctica 📺

A. C. Tanxedoira

Actuacións Grupo de Teatro Tanxedoira.

Para os que facemos teatro afeccionado, o feito de poder pisar as táboas dun escenario é, en si, un premio. Podo dicir que, simbolicamente, nos últimos días fomos premiados dúas veces:

O 14 de maio no XIX Certame de Teatro Escolar e Afeccionado Candilejas Don Bosco e o 17 do mesmo mes no Centro Social Sagrada Familia con motivo da celebración do evento "Hogueras de San Juan 2016" ao que sempre somos convidados a participar.

En ambas ocasións levamos as nosas notas de humor coa obra "*¡Y quién nos manda hacer teatro!*", de Juan José Martín Uceda.

Foron actuacións en que, tanto elenco como público, gozamos moito, e os aplausos recibidos, foron, sen dúbida, unha resposta moi alentadora para todo o grupo de Teatro Tanxedoira, porque tras investir o tempo e a ilusión que investimos preparando a obra, é unha alegría percibir que ao público lle gusta e demostránnolo coas súas risas, os seus bos comentarios e os seus aplausos.



Cadro de actrices, actores e a técnico co seu director

Persoalmente, resalto aquí o empeño do director do grupo, Jesús García, que a pesar dos imprevistos e dificultades, non desanima e segue cunha

motivación que contaxia, tentando non refugar ningunha oportunidade que se nos presente para actuar. Así será: o grupo seguirá actuando e desexando que todo aquel que asista, leve o gusto de pasar un intre agradable

Leo Gomes.

/ A destacar.../

Axenda

28 de maio.

LINGUAXE MUSICAL. A formación impartirase no local social, onde existe lista de inscrición. Hora: 17:30

31 de maio.

III CERTAME DE FOTOGRAFÍA FERNANDO POMBO. Finalización do prazo para a presentación de obras.

4 de xuño.

GRUPO DE IMPROVISACIÓN. “Noche de Impro”. Café-teatro Melandrainas (Arteixo) Hora: 20:00. Entrada gratuíta.

12 de xuño.

COMIDA GRUPOS ARTÍSTICOS. “El Buffet”. Hotel Atlántico NH. Hora: 13:45.

Membros de Coro, Rondalla e Teatro

Adultos 10 €, nen@s menores de 12 anos 1 €.

Acompañantes non membros de grupos artísticos

Adultos 15 €, nen@s menores de 12 anos 6 €

Inscrición no local social ata o 9 de xuño.

18 de xuño.

FIN DE ACTIVIDADES.

20-24 de xuño.

EXPO TANXEDOIRA. Mostra de traballos de labores e pintura. local social. Horario: de 18:00 a 20:00.

25 de xuño.

FESTIVAL FIN DE CURSO. Interpretacións variadas de alumnos de diversas actividades, ademais das actuacións dos diferentes grupos artísticos da Asociación e outros. Entrega dos premios do III Certame de fotografía Fernando Pombo. Centro Cívico de Mesoiro. Hora: 17:30.

1 de xullo.

ASEMBLEAS ORDINARIA E EXTRAORDINARIA. Lugar: local social. Horario: 20:30 en primeira convocatoria e 21:00 en segunda. Orde do día: Memoria curso 2015/2016, presentación do estado de contas, proposta para a modificación dos estatutos, nova directiva, presentación do curso 2016/2017, rogos e preguntas.

2 de xullo.

SARDIÑADA. local social Tanxedoira. Hora: 18:00. Prezo: 3 €. Nenos menores de 12 anos gratis. Habrá listaxe de inscrición no local social.

CAMPIONATO DE PING-PONG. Local Social. Hora: 17:00. Listaxe de inscrición no local social.

3 de xullo.

EXCURSIÓN FIN DE CURSO. Península do Barbanza: Miradoiro da Curota, Dolmen de Axeitos, Dunas de Corrubedo, Castro de Baroña e Praia a determinar. Hora de saída 8:00. Prezos: 10 € socios e 12 € non socios. Nen@s menores de 12 anos 8 €. Lista de inscrición non local social.

/ Non perdas.../

Recordatorio das próximas inscricións.

-Linguaxe musical.

-Comida grupos artísticos.

-Sardiñada.

-Campionato de ping-pong.

-Excursión fin de curso.